

María
Victoria
Moreno

unha ollada

a través
dos seus
libros



XUNTA DE GALICIA



Ilustración de Araceli Liste para *Mar adiante*. Ediciós do Castro, 1986

María
Victoria
Moreno

unha ollada

a través
dos seus
libros



Agradecementos:

Editorial Galaxia, Edicións Xerais, Edicións do Castro, Urco Editora, Lela Edicións, Ir Indo Edicións, Sotelo Blanco Edicións, Ediciones SM, Hércules de Ediciones, Biblioteca Municipal de Estudos Locais da Coruña, Araceli Liste e Pedro Ferriol.

EDICIÓN NON VENAL DE CARÁCTER DIVULGATIVO

A presente publicación foi editada coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

© dos textos, os seus autores

© das ilustracións, os seus autores

Quedan prohibidos, dentro dos límites establecidos pola lei e baixo os apercibimentos legalmente previstos, a reprodución total ou parcial desta obra por calquera medio ou procedemento, xa sexa electrónico ou mecánico, o tratamento informático, o alugueiro ou calquera outro xeito de cesión da obra, sen a autorización previa e por escrito dos titulares do copyright.

Editado por

david carballal estudio gráfico, sl

Juana de Vega, 13 3º. 15004 A Coruña

Ilustración da capa e portada: David Carballal

Fotografía: María Meseguer

Imprime: Sgraf, S.L.

Depósito legal: C 844-2018

Impreso en Galicia, abril de 2018

Presentación

A data de celebración do Día das Letras Galegas conmemora o nacemento dun libro. O 17 de maio de 1863 publicouse *Cantares gallegos*, de Rosalía de Castro. Por iso pensamos nunha publicación que lembre a María Victoria Moreno, a autora homenaxeada este ano 2018, poñendo en primeiro plano os seus libros, as edicións que lle deron forma á súa obra.

Desde o seu primeiro título, *Mar adiante*, ilustrado por ela mesma, presentamos pequenas mostras das diversas edicións de cada unha das súas principais obras, que acreditan o labor das editoriais nas que publicou e tamén o traballo dunha ducia de artistas que ilustraron os seus libros.

Confiamos en que, a través destas páxinas, os lectores e lectoras poidan obter unha idea sintética e global da obra de María Victoria, e que estes breves retallos esperten o seu apetito polos libros desta escritora que abrazou o galego e llo achegou á mocidade.

María Victoria Moreno

Biografía*

- 1939** Nace o 1 de maio de 1939 en Valencia de Alcántara (Cáceres).
- 1943** A familia trasládase e vive en Segovia ata 1949.
- 1949** A familia trasládase a Sepúlveda.
- 1951** Viaxa a Barcelona para cursar o bacharelato. Aprende catalán e francés. Descubre a literatura ao ler *O Quixote* e *O principión*.
- 1958** Estuda Filosofía e Letras, sección de Filoloxía Románica na Universidade Complutense de Madrid. Coñece a José Luis Llácer, con quen casa e se traslada a Pontevedra en 1963.
- 1965** Comeza a dar clases no Instituto Masculino de Lugo. Alí colle amizade con Xesús Alonso Montero, co que empeza a coñecer a lingua e a literatura galegas.
- 1967** Regresa a Pontevedra. Dá clases de literatura e lingua castelá no Instituto Feminino (agora Valle-Inclán). Dedicar parte das clases dos venres a ensinar lingua e literatura galega.
- 1972** Participa a título voluntario en cursos de galego organizados por entidades como o Ateneo de Ourense, dirixidos a persoas adultas.
- 1973** Comeza o proceso de adopción dos seus fillos, completado en 1975. Publica o seu primeiro libro de contos en galego *Mar adiante* (Edicións do Castro), con ilustracións da propia autora.
- Edita a antoloxía bilingüe *Os novísimos da poesía galega*.
- Abre, xunto a outros socios, a librería Xuntanza en Pontevedra.

- 1979** Publica “O cataventos” en *Contos pra nenos*.
- 1983** Publica *A festa no faiado*.
- 1986** Publica *Leonardo e os fontaneiros*.
- 1988** Editorial Galaxia crea a colección Árbore de literatura infantil, dirixida durante dez anos por María Victoria Moreno, Antonio García Teijeiro e David Otero. Publica *Anagnórise*, considerado actualmente un clásico da literatura xuvenil galega.
- 1989** Publica *O cataventos*, xa como libro, en Sotelo Blanco.
- 1994** Publica *¿Un cachiño de bica?*
- 1996** Morre o seu marido, José Luis Llácer.
- 1997** Publica *¿E habrá tirón de orellas?*
- 1999** Publica *Guedellas de seda e liño*.
- 2002** A súa saúde obrígaa a xubilarse.
- 2003** Contrae matrimonio co mariño cubano Pedro Ferriol.
- 2004** Publica o ensaio *Diario da luz e a sombra*.
- 2005** Publica *Eu conto, ti cantas...* O 22 de novembro morre en Pontevedra.
- 2006** Publícase *Elexías de luz*.
- 2009** Publícase *Onde o aire non era brisa*, a súa primeira novela escrita en castelán en 1969 e traducida ao galego, segundo vontade da autora, por Xavier Senín.

* Fonte: Marilar Aleixandre e Fina Casalderrey. *María Victoria Moreno. Biografía*. A Coruña. Real Academia Galega. <https://academia.gal/letras-actual>

1973

Mar adiante

Miguel é un vello mariñeiro que chegou a Portosouril hai moitos anos. Tantos que as xentes esqueceronse do camiño que o trouxo e chámanlle agora Miguel o de Portosouril.

Miguel non tiña barco, nin aparellos, nin arrasos cando chegou. pero estaba namorado do mar e pasaba o día na praia ollando para os barcos e mais observando as tarefas dos mariñeiros. Deste xeito adeprendeu a coñece-las madeiras, a xunta-los cabacos e mais a arranxa-los paus. Deuse despois a facer barcos.

Ilustración: María Victoria Moreno

Fonte: Biblioteca Municipal de Estudos Locais. A Coruña

Edicións do Castro, 1973

Ils. ints.: María Victoria Moreno

Edicións do Castro, 1986

Ils.: Araceli Liste

Xerais, 2009

Ils.: Manolo Uhía



1979

“O cataventos”

en *Contos pra nenos*

Se eu son o que manda aquí
Que esa dea saltos máis grandes
non o podo permitir.

E as Teixaspitiñas:

SI, si SI... SI, si, si, SI.

Don Pío sentíase medrado e —¡zas!— larfaba un
pardal.

A esa parva galiña
heille de pisa-las alas
pra lle dar máis forza ás miñas

E as Teixaspitiñas:

Hanche axudar as Teixiñas

Ilustración: Xiráldez

Galaxia, 1979
Ils.: Xiráldez

Sotelo Blanco, 1989
Ils.: Carme Peris

Urco, 2017
Ils.: Lara Torres



1983

A festa no faiado

—Imos xogar logo— propuxo para contentarme—.
Dime como se fai.

—Eu era a nai —suxerinlle— e ti a miña filla.

—Non —respondeu—, eu son un gato.

—Pois eu era un ladrón e ti un policía.

—Non, eu non sei que cousa é un ladrón e un policía.

—Pois eu era a criada e ti a señora.

—Está ben —dixo Gato—, pero a condición de que a
señora estea sempre a comer sardiñas.

Ilustración: Irene Fra

Galaxia, 1983
Ils.: Lola Blázquez

Galaxia, 2007
Ils.: Irene Fra



1986

Leonardo e os fontaneiros


Leonardo, eu do que máis me pago é dos aloumiños con que me recibes cando chego onda ti, que son para velos. Aínda que cada día nos vemos, cada día alédaste coma se eu viñese de moi lonxe e houbese moito tempo que non estabamos xuntos. Brincas, ampeas, corres... E ofrécesme unha mostra completa de tódalas gracias que sabes facer.

Ilustración: María do Carme Salgado

Galaxia / SM, 1986
Ils.: María do Carme Salgado

Galaxia, 1990
Ils.: Fran Jaraba


Galaxia, 1999
Ils.: Manolo Uña



1988

Anagnórise


Nestas chegamos a unha glorieta grande e detivémonos nun semáforo. A nosa esquerda, unha rúa ampla e clara, chea de luces, invitaba a subir na procura dese Madrid ledó que se albiscaba á súa fin, o Madrid da xente que sabía onde estaba e a que sitios ía. Unha ringleira infinida de coches, todos vistos por detrás e resoltos nun palpebrexar de luces alaranxadas e vermellas, coma unha atracción de feira vista a ralentí, chamaba e axotaba ó mesmo tempo. Mais nós seguimos dereito, cara á rúa da Princesa, á procura dun Madrid diferente, de cada vez máis estreito e máis escuro.



1994

¿Un cachiño de bica?

Ilustracións: Manolo Uhía



SM, 1994
Ils.: Manolo Uhía

Brincaban ó seu gusto
sobre o mantel,
xuntándose en palabras
que puiden ler:

*amor e pan,
casa, escola e camiños,
Nica e Iván.*




1997

¿E haberá tirón de orellas?

Voaba a rentes do chan
un pardaliño pequeno
que non atopara o seu niño
á volta do seu paseo..
Perdera a casa e a cea
mais el estaba contento
E foi xuntarse con Alma
para descubrir vieiros.
Pola herba e polo aire
fixeron centos de enredos
a cadelinha perdida
e o paxariño andarego.

Ilustración: Carme Peris



1999

A brétema

Decatáronse axiña de que a brétema non era coma as nubes, que están feitas coa auga do mar, que non son amigas das persoas e voan sempre moi altas polo ceo. A brétema, en troques, camiña preto da terra e pousa nas ás dos paxariños ou nos cabelos dos nenos. As nubes levan lóstregos e tronos.

Ilustración: Xaime Asensi

Ir Indo Edicións, 1999
Ils.: Xaime Asensi

Urco, 2017
Ils.: María Montes Sueiro



1999

Guedellas de seda e liño

–¿En que hotel se aloxa? –preguntou Moncho Lores.

–No Acapulco –dixo o guicho, aludindo a un hotel que de feito existía en Porto Santo, na estrada de Pontevedra.

E, neses momentos, o instinto do profesor cronista paseante díxolle que algo non cadraba e inspiroulle unha argucia. Díxolle:

–Querera vostede decir no Veracruz, no hotel Veracruz.

–Iso é, que cabeza a miña, sempre me trabuco cos nomes...

Mais non había en Porto Santo nin nos seus arredores ningún hotel Veracruz, ou sexa, que o descoñecido entrou no xogo malévolo do periodista e este soubo que había gato encerrado.



2005

Eu conto, ti cantas...

Cando rilla a choruma
miañan os gatos
e acenden vinte ollos
os dez lagartos.

Vinte lucernas
fan un mundo de sombras
que o can goberna.

Ilustración: Manolo Uhía

Xerais, 2005
Ils.: Manolo Uhía



Eu conto, ti cantas...

María Victoria Moreno

Ilustracións de Manolo Uhía



2009

Onde o aire non era brisa

Inmensidades brancas de cuartillas sucadas
por plumas lanzas coma canas, ceos enfeitados
de letras. Santiago non coñecía palabras
que servisen para representar cousas máis amplas
cás terras dos Coronéis nin máis altas
có cataventos da igrexa onde foi cristanado.
Por iso tiña que percorrer en silencio os campos
soñados.

Galaxia, 2009
Tradución: Xavier Senín



2017

O amor e as palabras

— As máis das cousas desta vida son bonitas e teñen nomes bonitos: orballo, amigo, arume... Outras son feas e teñen nomes feos: cagalla, engano, somanta... —É certo —dixo Lara—. Mesmo teñen distinta música: arume, amigo, orballo... —Falabamos doutras cousas —cortouna Sara, que vía na Ama algo así como unha fonte de auga limpa que saciaba a súa sede de saber.


—Sariña, Sara, Sariña... Mira...

Ilustración: José Ángel Ares

Urco, 2017



Bibliografía



Capa de Carmen Arias para *Mar adiante*. Edicións do Castro, 1973



A festa no faiado. Ilustrado por Lola Blázquez. Galaxia, 1983

LITERATURA INFANTIL E XUVENIL


- *Mar adiante* (*Historias de nenos pra nenos*). Sada: Edicións do Castro, 1973.
- *A festa no faiado*. Vigo: Galaxia, 1983.
- *Leonardo e os fontaneiros*. Vigo: Galaxia, 1986.
- *Anagnórise*. Vigo: Galaxia, 1988.
- *O cataventos*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 1989.
- *¿Un cachiño de bica?* Vigo: SM, 1994.
- *¿E haberá tirón de orellas?* Vigo: Galaxia, 1997.
- *A brétema*. Vigo: Ir Indo, 1999.
- *Guedellas de seda e liño*. Vigo: Galaxia, 1999.
- *Eu conto, ti cantas...* Vigo: Xerais, 2005.

LITERATURA PARA PERSOAS ADULTAS

- *Diario da luz e a sombra*. Vigo: Xerais, 2004.
- *Elexías de luz*. Vigo: Xerais, 2006.
- *Onde o aire non era brisa*. Vigo: Galaxia, 2009.



O cataventos, con ilustracións de Lara Torres Rodríguez. Urco, 2017



A brétema, nunha publicación recente con ilustracións de María Montes Sueiro. Urco, 2017

ANTOLOXÍAS, ENSAIOS E OBRA DIDÁCTICA


- *Os novísimos da poesía galega / Los novísimos de la poesía gallega*. Madrid: Akal, Colección Arealonga, 1973.
- *Literatura. Século XX. Iniciación universitaria* (en colaboración con Xesús Rábade Paredes). Vigo: Galaxia/SM, 1985.
- *Literatura 3 BUP* (en colaboración con Xesús Rábade Paredes e L. Alonso Girgado). Vigo: Galaxia/SM, 1987.
- *As linguas de España*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1991.
- *Verso e prosa*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1991.

NARRATIVA EN OBRAS COLECTIVAS

- “Nico e Miños”, en *8 contos*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1989.
- “Querida avoa”, en *Lerías*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1991.
- “S.O.S.”, en *Contos de hogano*. Santiago de Compostela: *El Correo Gallego*, 1992.



Diario da luz e a sombra.
Xerais, 2004



Elexías de luz.
Xerais, 2006

- “O libro das saudades e os degoiros”, en *V Tren Caixa Galicia. Ruta Rosalía 1993*. Santiago de Compostela: Caixa Galicia / Renfe, 1993
- “Pan con chocolate”, en *Relatos para un tempo novo*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1993.
- *¡Xa non teño medo!*, il. Manolo Uhía. Col. A maxia das palabras. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1998-1999.
- “Amigos de mil cores”, en *Campaña de Lectura 2001*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2001.
- “O encontro”, en *Un libro, a maior aventura. Campaña de Fomento da Lectura entre os Maiores*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2003.
- “O grumete”, en *Contos de charlatáns, grumetes, botas e fendas*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2004.

ESTUDOS E ARTIGOS EN OBRAS COLECTIVAS

- “No deixéis que muera vuestra lingua”, en *Encuesta mundial sobre la lengua y la cultura gallegas*. Madrid: Akal, Colección Arealonga, 1974.
- “Comentarios de texto: descubrir a realidade”, en *Actas das Primeiras Xornadas da Lingua Galega no Ensino*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1984.



As linguas de España.
Xunta de Galicia, 1991



Verso e prosa.
Xunta de Galicia, 1991

- “¿Escritora alófona eu?”, en *Poetas alófonos en lingua galega. Actas do I Congreso Galaico*. Vigo: Galaxia, 1994.
- “Discurso pronunciado por Xesús Alonso Montero no acto no que recibiu o Pedrón de Ouro”, en *Comentarios de textos populares e de masas* (ed. de Claudio Rodríguez Fer). Vigo: Xerais, 1994.
- “Carta de amor”, en *Carlos Casares: a semente aquecida da palabra*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2003.
- “Danza da lúa en Santiago. Suxerencias para unha aproximación a Federico García Lorca, poeta galego (1985)”, en *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*. Madrid: Universidad Complutense, 2015.

TRADUCIÓNS

- Gabriel Janer Manila, *Isto que ves é o mar*. Vigo: Galaxia, 1989. Tradución do catalán.
- Manuel de Pedrolo, *Mecanoscrito de segunda orixe*. Vigo: Galaxia, 1989. Tradución do catalán.
- María Ángels Gardella, *Os ollos do dragón*. Vigo: Galaxia, 1989. Tradución do catalán.

Libros sobre María Victoria Moreno



María Victoria Moreno

Eli Ríos

Ils.: Eva Agra

Urco, 2016



*Unha historia de amor.
Pequena biografía
de María Victoria Moreno*

Joanna Lorenzo Montero

Ils.: Tania Solla

Lela, 2017



*Doce cartas a
María Victoria Moreno*

Ánxela Gracián

Ils.: Antonio Seijas

Hércules de Ediciones, 2018



*A voz insurrecta
María Victoria Moreno entre
a literatura e a vida*

Montse Pena Presas

Galaxia, 2018




*María Victoria Moreno:
A muller que durmía pouco
e soñaba moito*

Fina Casalderrey

Marilar Aleixandre

Xerais, 2018



*María Victoria Moreno:
Sementadora de futuro*

Isabel Soto

Xavier Senín

Xerais, 2018



*María Victoria Moreno,
unha ollada a través
dos seus libros
imprimiuse con motivo
da celebración do
Día das Letras Galegas 2018*

«As persoas estamos feitas para levar adiante
os proxectos máis fermosos»

María Victoria Moreno. *Anagnórise*, 1988

